



*Consellería de Educación e Ordenación
Universitaria
CEIP Plurilingüe de Outes
Praza de Galicia s/n. 15230 – Serra de Outes
Tfno: 881866840
ceip.outes@edu.xunta.es*

PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

ÍNDICE

1.- INTRODUCCIÓN.....	4
2.- MARCO NORMATIVO	4
3.- ANÁLISE DE CONTEXTO E NECESIDADES DETECTADAS.....	5
4.- OBXECTIVOS.....	7
4.1.- Obxectivos referentes ao alumnado.....	7
4.2.- Obxectivos referentes ás familias.....	8
4.3.- Obxectivos referentes ao profesorado.	9
5.- CONTIDOS	9
6.- METODOLOXÍA E ORGANIZACIÓN DAS TITORÍAS	10
6.1. Co alumnado.	10
6.2. Coa familia.	11
Co profesorado.	12
7.- ACTIVIDADES	12
7.1.- Actividades de acollida e mellora da integración no grupo-clase	12
A) Para alumnado estranxeiro con descoñecemento do idioma.....	12
B) Para alumnado escolarizados de novo ou trasladados	13
C) O Plan de adaptación para o alumnado de educación infantil de 3 anos	13
7.2.-Actividades de organización e funcionamento do grupo-clase	14
A) Atención ás necesidades educativas específicas de apoio educativo .	14
B) Reforzos educativos.....	14
C) Plan de apoios aos nenos/as con necesidades educativas especiais .	14
D) Adaptacións Curriculares.....	15
8.- ACTUACIÓNS XERAIS.....	16
8.1.- Acción titorial coas familias	16

Inicio de curso	16
Primeiro trimestre	16
Primeiro mes.....	16
Reunións	17
Entrevistas	17
Comunicacións	17
8.2.- Acción tutorial/actividades co equipo docente	18
Ao longo do curso	18
Actividades de coordinación entre profesorado.	18
8.3.- Acción tutorial/actividades co departamento de orientación.	19
8.4.- Acción tutorial/actividades do/a orientador/a	22
<i>Tarefas e actividades</i>	22
<i>Técnicas e estratexias</i>	22
9.- TEMPORALIZACIÓN	26
10.- RECURSOS	27
11.-AVALIACIÓN E REVISIÓN DO PAT	29
12.- ANEXOS	30

1.- INTRODUCCIÓN

Á hora de elaborar o presente Plan de Acción Titorial tivéronse presentes os obxectivos e valores recollidos no noso Proxecto Educativo e as características do noso alumnado.

O obxectivo da planificación da Acción Titorial é contribuír ao desenvolvemento integral do alumnado co fin de que alcance o nivel de madurez que lle permita incorporarse de forma activa, creativa e responsable á sociedade.

Un labor tan importante e transcendente para a educación non pode deixarse á improvisación. O PAT é o documento que recolle a organización e o funcionamento das titorías que se realizan no centro, así como o conxunto de actividades que contribúen á orientación do alumnado, tanto no educativo como no persoal e profesional.

Entendemos a orientación e a titoría do alumnado como unha tarefa de todo o profesorado e, por iso, como algo que abrangue todas as actuacións que cada profesor/a dentro da súa materia ou área leva a cabo para orientar, tutelar e apoiar no proceso da aprendizaxe de cada alumno/a. Conleva, por tanto, a acción coordinada de todo o equipo do profesorado dun alumno/a, aínda que, non cabe dúbida, a figura clave deste proceso é o titor/a

2.- MARCO NORMATIVO

Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación

Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.

RD 943/2003 polo que se regulan as condicións para flexibilizar a duración académica de alumnado superdotado

Decreto 374/1996 do 17 de outubro polo que se aproba o ROC de EEI e CEIP.

Decreto 120/1998 polo que se regula a orientación educativa e profesional en Galicia

Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Orde do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

Orde do 25 de xuño de 2009, pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

Orde do 6 de outubro de 1995 pola que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral

Orde do 24 de xullo de 1996 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación en Galicia.

Orde do 28 de outubro de 1996 sobre flexibilización da escolarización de alumnado con sobredotación en Galicia

Orde do 31 de outubro de 1996 pola que se regula a avaliación psicopedagóxica do alumnado con NEE que cursan ensinanzas de réxime xeral

Orde do 20 de febreiro de 2004 pola que se establecen medidas de atención específica ao alumnado estranxeiro.

Circular 18/2002 polo que se dictan instrucións para unificar actuacións e establecer accións dos servizos de orientación

3.- ANÁLISE DE CONTEXTO E NECESIDADES DETECTADAS

Para poder levar a cabo os distintos programas que compoñen a acción tutorial, debemos coñecer as peculiaridades da contorna específica ao que van dirixidos e nos que se vai desenvolver.

O CEIP PLURILINGÜE DE OUTES é un centro de 2 liñas, que se atopa situado á beira do Río Tines, na capital do Concello, na rúa Praza de Galicia. Acoden ao Centro nenos/as da Serra e das parroquias de San Tirso de Cando, Santa María de Entíns, San Xoán de Sabardes, San Lourenzo de Matasueiro, San Pedro de Outes, San Xoán de Roo, San Cosme de Outeiro, Santo Ourente de Entíns, San Xián de Tarás e San Miguel de Valadares, así como dos lugares de Couso (Negreira) e Fontemourente (Mazaricos).

O centro adscíbese ao IES Poeta Añón situado tamén na Serra de Outes, conta con 6 unidades de Educación Infantil e con 11 de Educación Primaria. Funciona con xornada partida e dispón de servizos de transporte e comedor.

O Concello de Outes radica no fondo da Ría de Muros e Noia e ten unha extensión duns 100 Km², agrupando dez parroquias. Cunha poboación de 6.514 habitantes que tende a concentrarse no litoral, nos núcleos próximos á costa, sendo os da Serra con arredor de 2.400 habitantes, O Freixo cuns 1.500 e Roo con preto de 1.000 os máis poboados.

O desenvolvemento económico do concello baséase na agricultura, gandería, pesca e marisqueo, así como no comercio e na industria madeireira. O nivel de actividade económica da contorna pódese considerar medio-baixo. Constatándose un progresivo aumento do sector servizos e da construción, fronte á diminución do sector primario e con elevados índices de desemprego xuvenil.

O reparto da actividade económica na zona de influencia do Centro é aproximadamente como segue:

- Agricultura e gandería	10,65%
- Industria (fundamentalmente madeireira)	13,9%
- Construción	20,30%
- Pesca e marisqueo	23%
- Servizos	32%

Nas familias do alumnado a comunicación realízase fundamentalmente en galego.

Nos últimos anos estase a incrementar un pouco o nº de alumnado procedente do estranxeiro, así como de alumnos/as que causan baixa no centro por traslado.

En base ás peculiaridades do noso contexto deseñamos os obxectivos da acción titorial e a posta en práctica de diferentes programas dependendo do nivel do alumnado e as súas necesidades.

4.- OBXECTIVOS

Os obxectivos do noso Plan de Acción Titorial, reúnen as seguintes características:

- Son facilitadores dunha atención o máis personalizada posible.
- Axustados ás necesidades educativas do alumnado.
- Favorecedores dos proxectos educativos de identidade persoal e desenvolvemento de valores.
- Promoven a participación do grupo e o traballo en equipo.
- Potenciadores da cooperación e interrelación dos membros da comunidade educativa e especialmente a coordinación docente.
- Impulsan a colaboración e a implicación das familias.

4.1.- OBXECTIVOS REFERENTES AO ALUMNADO

- Favorecer a integración do alumno/a no seu grupo e no centro, fomentando actitudes participativas.
- Respetar as normas de convivencia así como aos seus compañeiros/as, profesorado e demais membros da comunidade educativa.
- Fomentar a cooperación, a solidariedade, o traballo en grupo, respectando as regras.
- Desenvolver as capacidades sociais básicas para unha axeitada convivencia.
- Educar na convivencia democrática e participativa.
- Favorecer o desenvolvemento da moral e a adquisición de valores.
- Ensinar a aceptar a súa propia identidade e favorecer a súa autoestima.

- Tolerar, respectar e valorar as diferenzas individuais.
- Desenvolver actitudes positivas e de responsabilidade persoal.
- Adquirir estratexias que favorezan o proceso de ensino-aprendizaxe.
- Ensinar a organizar o seu tempo de estudo e de lecer.
- Manexar técnicas de estudo que favorezan o seu rendemento académico.
- Reflexionar sobre os seus erros e aprender deles para corrixilos.
- Desenvolver un xuízo crítico e razoado sobre o seu traballo.
- Fomentar a capacidade de identificación e comprensión das propias emocións.
- Mellorar a comprensión das emocións dos demais.
- Impulsar un desenvolvemento emocional equilibrado e a regulación emocional.

4.2.-OBXECTIVOS REFERENTES ÁS FAMILIAS

- Informar ás familias ao principio de curso, sobre o calendario escolar, horarios, horas de titoría, reunións, programación escolar e criterios de avaliación.
- Favorecer a integración do alumnado nas aulas guiando aos pais/nais na necesidade de que apoiem coa súa participación todas as actividades organizadas polo centro.
- Fomentar a relación fluída e cooperante entre as familias e o centro.
- Recoller información da familia: coñecer datos e aspectos da situación familiar que poidan repercutir no desenvolvemento educativo e no rendemento académico de cada alumno/a.
- Aportar información á familia sobre aspectos que repercuten no proceso educativo dos seus fillos/as
- Resolución de problemas que poidan xurdir dende o diálogo, a negociación e a proposta de medidas de mellora.

- Asesorar nos conflitos ou situacións problemáticas que poidan xurdir cos seus fillos/as e responsabilizalos na tarefa de ser pais/nais.

- Implicar ás familias nas actividades de apoio.

4.3.- OBXECTIVOS REFERENTES AO PROFESORADO.

- Mellorar a coordinación docente nun ambiente de comunicación aberta, de respecto, de solidariedade e de cooperación.

- Favorecer o axuste e a coherencia educativa das programacións ás necesidades educativas do grupo-clase.

- Recibir e transmitir a información do alumnado do seu grupo

- Coordinar o proceso de avaliación.

- Detectar ao alumnado con algunha dificultade.

- Coordinar as respostas educativas para a atención á diversidade.

- Materializar as respostas educativas necesarias nas diferentes adaptacións curriculares.

- Realizar actividades de traballo intelectual dentro das áreas do currículo.

- Estimular a autoformación intelectual.

5.- CONTIDOS

Establécense en función dos obxectivos formulados no ámbito do alumnado, do profesorado e das familias. Uns refírense á organización do grupo de alumnos e alumnas. Outros fan referencia a aqueles aspectos que favorecen un positivo desenvolvemento da personalidade do alumnado e outros son de carácter metodolóxico e tratan de facilitar e garantir a aprendizaxe. Son:

- Acollida e integración do alumnado:

- Programa de acollida

- Coñecemento do Centro.

- Organización e funcionamento do grupo-clase:

- Recollida de información sobre o alumnado.
- Organización e funcionamento da aula.
- Desenvolvemento persoal e adaptación escolar:
 - Autoconhecimento, autoestima, autocontrol.
 - Coñecemento da situación de cada alumno/a no grupo.
- Adquisición e mellora dos hábitos de traballo:
 - Hábitos básicos.
 - Técnicas de estudo
 - Destrezas instrumentais.
 - Estratexias de apoio para o estudo
 - Técnicas motivacionais.
- Coordinación co profesorado e avaliación:
 - Avaliación inicial.
 - Reunións co equipo docente.
 - Reunións co alumnado
 - Reunións cos especialistas externos
- Participación da familia:
 - Reunións
 - Colaboración
 - Coordinación
 - Entrevistas

6.-METODOLOXÍA E ORGANIZACIÓN DAS TITORÍAS

Os principios metodolóxicos que orientan a nosa acción titorial serán parellos aos da acción docente.

6.1. CO ALUMNADO.

O labor titorial terá como finalidade o desenvolvemento íntegro do alumnado, por iso introduciremos no noso labor diario actitudes e valores ademais dos procedementos e normas, xa que neles están as motivacións que levarán ao alumnado a actuar, a aprender e a comportarse e fundamentalmente que estas lle sirvan para desenvolver a súa competencia social.

Teremos en conta que o alumnado debe ser o protagonista da súa aprendizaxe, isto significará o emprego de métodos activos, que sexa consciente do que vai aprendendo, e saber como facer para conseguilo, percibindo pouco a pouco, coa axuda dos seus compañeiros/as e mestre/a, o seu avance na superación das dificultades e construción dos novos coñecementos.

Para acadar unha aprendizaxe significativa partiremos dos coñecementos previos e relacionaremos os temas coa súa vida cotiá de maneira que xeneren interese.

A programación dos contidos é fundamental porque ademais de saber "qué" se aprende ou "cómo" se aprende, darémoslle un sentido ás actividades para que poidan saber o "por qué" e o "para qué" do seu esforzo. Formular actividades de xeito que resulten significativas, que motiven o interese do/a alumno/a. Por iso deben partir da experiencia do/a alumno/a, das vivencias da súa contorna. Deste xeito resulta unha ensinanza motivadora e funcional, pódese aplicar na vida real.

Facilitaremos a motivación e o valor do traballo en común coa organización de actividades en grupo e garantiremos a participación de todos forxando unha maior cohesión grupal.

Favoreceremos a liberdade e a autonomía organizando tarefas nas que sexa posible elixir diferentes métodos de traballo, diferentes soportes da información ou diferentes formas de solución das tarefas.

Daráselles importancia tanto aos resultados da aprendizaxe como ao proceso, de forma que exista unha auténtica avaliación continua. E organizaremos a avaliación de xeito formativo, de forma que os alumnos/as a consideren como unha ocasión para aprender dos erros e acertos e así adoptar as medidas e os reforzos necesarios para mellorar.

6.2. COA FAMILIA.

Calquera actividade realizada cos pais/nais estará sempre enmarcada dentro do principio de corresponsabilidade dos axentes educativos no proceso de formación integral do alumnado e dos obxectivos deste plan de aprender a ser persoa e a convivir.

Os/as titores/as atenderán de forma individualizada ás familias nos tempos establecidos para iso. O horario deberá ser comunicado ás familias ao principio de

curso. A iniciativa da entrevista poderá partir tanto da familia coma do/a propio/a titor/a.

O/a titor/a reunirse co grupo de pais/nais ao principio de curso e sempre que o considere necesario.

6.3. CO PROFESORADO.

Os/as titores/as coordinarán de forma sistemática e continuada ao resto do equipo docente do seu curso para poder realizar un seguimento individual e grupal do seu grupo. Utilizará intercambios de información e reunións programadas como as de avaliación para levar a cabo esta función.

Os/as titores/as elaborarán nas reunións de nivel aquelas propostas sobre Acción tutorial conxunta que desexen incorporar para a coordinación de programas, reelaboración de materiais, adaptación das programacións ou demandas de avaliación psicopedagóxicas que serán transmitidas polos coordinadores/as de nivel nas reunións de departamento.

Os/as titores/as realizarán as adaptacións curriculares necesarias e contarán para iso coa colaboración conxunta do equipo docente e do orientador/a.

7.- ACTIVIDADES

7.1.- ACTIVIDADES DE ACOLLIDA E MELLORA DA INTEGRACIÓN NO GRUPO-CLASE

A) PARA ALUMNADO ESTRANXEIRO CON DESCOÑECEMENTO DO IDIOMA :

Os alumnos/as que non posúan unha linguaxe funcional por mor de descoñecemento do idioma terán unha atención educativa específica e/ou apoios puntuais, para que poidan acadar un dominio da linguaxe funcional que lles permita integrarse o máis axiña no grupo da clase para establecer relacións fluídas entre todos os que a integran.

Entre as medidas específicas están o desenvolvemento de Grupos de Adquisición de Linguas, o apoio por parte dos mestres/as que non teñan horario completo e,

nos casos que se requira, a intervención dos/as especialistas de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe.

O número de sesións de apoio para estes alumnos/as axustarase ao lexislado e estará suxeito á competencia lingüística inicial do alumno/a, que se valorará cunha avaliación inicial, podendo variar ao longo do curso en función das necesidades individuais e do progreso do propio alumno/a.

B) PARA ALUMNADO ESCOLARIZADO DE NOVO OU TRASLADADOS:

Aqueles alumnos e alumnas de nova incorporación en calquera nivel da escolaridade serán incorporados no seu nivel de referencia. A aqueles/as que procedan de países con sistemas educativos moi diferentes ao noso, serán valorados na súa competencia curricular para escolarizalos no nivel máis axeitado á súa competencia curricular.

C) O PLAN DE ADAPTACIÓN PARA O ALUMNADO DE EDUCACIÓN INFANTIL DE 3 ANOS.

Realizaranse as seguintes adaptacións:

- a) No momento da formalización de matrícula facilitaráselle aos pais/nais información sobre aspectos da autonomía nos que se deberá traballar na casa durante o verán anterior á escolarización.
- b) Antes de comezo de curso: visita dos nenos/nenas con seus pais/nais ao Centro. Primeiro contacto cos espazos comúns. Visita á zona de aulas de Infantil.
- c) Flexibilización na escolarización: A incorporación será gradual.
- d) Incremento de recursos humanos nas aulas: O/a director/a tomará as medidas organizativas pertinentes para que dentro das posibilidades do Centro e das necesidades de cada grupo se incremente a presenza de recursos persoais que poidan servir de apoio aos profesores/as de aula mentres dura o Plan de adaptación.

7.2.-ACTIVIDADES DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO GRUPO-CLASE

A) ATENCIÓN ÁS NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO.

O Plan de Apoios concíbese como resposta didáctica e organizativa ás necesidades educativas específicas do alumnado, tanto no ámbito persoal como social. Dentro do Plan contemplárase a planificación dos reforzos educativos (RE), dos apoios ao alumnado con necesidades educativas tanto en PT como en AL así como o tratamento das Adaptacións Curriculares.

B) REFORZOS EDUCATIVOS

Entendemos por Reforzo educativo calquera adaptación non significativa dos compoñentes do currículo tales como variacións dos contidos, nos modos de presentación da información, no tipo de materiais, nos tempos ou ritmos de traballo, sempre que se refira a aspectos de tipo metodolóxico ou modos de avaliación. Os reforzos serán realizados polos propios titores/as ou por outro profesorado, preferentemente do nivel no que estea escolarizado o alumnado, fóra ou dentro da aula cando as necesidades así o aconsellen. Realizarase a nivel individual ou en agrupamentos flexibles segundo a organización anual. Os reforzos educativos teñen carácter didáctico e están dirixidos a dificultades de tipo curricular no acadamento completo de obxectivos de curso.

C) PLAN DE APOIOS AOS NENOS/AS CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS

Enténdese por alumnado con necesidades educativas especiais a aqueles/as que debido a características persoais de orixe cognitivo, emocional ou socioambiental, non acadan ou acadan de forma inhabitual os obxectivos curriculares previstos para o nivel no que estean escolarizados. Pertencen a este grupo tanto aqueles alumnos/as que por razóns socioculturais e lingüísticas escolarízanse no Centro presentando dificultades severas de acceso ao currículo como aqueles outros que posúen unha dotación excepcional.

Distinguimos necesidades específicas de atención educativa sobre todo as relacionadas co desenvolvemento da linguaxe e tamén as unidas a circunstancias ambientais excepcionais e que son susceptibles de cambio nun período de tempo relativamente curto, e as necesidades que proveñen por dificultades no proceso ensino-aprendizaxe.

O apoio a este alumnado levarase a cabo nunha acción conxunta entre o profesorado de aula e os especialistas de Pedagogía Terapéutica, Audición e linguaxe e o Orientador/a e será deseñado anualmente polo Departamento de Orientación.

No noso Centro este Plan aséntase nos principios de resposta axustada ás necesidades detectadas, flexibilización temporal e actuación diversificada segundo os recursos dispoñibles. Os apoios realízanse dentro da aula, excepto naqueles casos nos que sexa pedagóxicamente recomendable facelo fóra.

Os criterios de incorporación dun alumno/a ao Plan serán os que aparezan no PXAD.

Os grupos de apoio non serán estruturas estables e tenderase a conquistar a alta dos alumnos/as no instante no que teñan superadas as necesidades polas que foron incorporados e que non constitúan en si mesmas obxectivos dos niveis nos que estean escolarizados. Esta decisión será consensuada conxuntamente entre o/a titor/a, o profesorado que realice o apoio e a orientadora e revisarase trimestralmente.

D) ADAPTACIÓNS CURRICULARES.

Cando outras medidas previas de apoio como a modificación de tempos, espazos, contidos e metodoloxía non dean resultado, e como medida extraordinaria despois de esgotar outras medidas extraordinarias como a permanencia un curso máis no nivel, o/a titor/a poderá decidir realizar cambios substanciais nos elementos prescriptivos do currículo de maneira que se individualicen ben os obxectivos para ese alumno/a, así como os criterios de avaliación. Esta concreción curricular será decidida polo titor ou titora, oído o resto do equipo docente. **É responsabilidade do titor ou titora a decisión e a realización da ACs** nos aspectos curriculares. Será complementada polo/a orientador/a nos aspectos de avaliación

psicopedagóxica e psicosocial. As ACS realizaranse seguindo o modelo consensuado que existe para o Centro e que se axusta á legalidade vixente. As ACs serán realizadas para un curso, podendo ser renovadas para os seguintes cursos académicos.

8.-ACTUACIÓNS XERAIS

8.1.- ACCIÓN TITORIAL COAS FAMILIAS

OBXECTIVOS	TAREFAS E ACTIVIDADES	TÉCNICAS E ESTRATEXIAS	TEMPORALIZACIÓN
<p>1.Profundizar no coñecemento do alumnado</p> <p>2. Manter aos pais/nais informados do proceso de ensino-aprendizaxe</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Recollida de información de carácter evolutivo e socioambiental ▪ Explicación nas reunións e entrevistas dos obxectivos anuais, criterios de avaliación, criterios de organización de aula, horarios, materiais, normas etc. ▪ Explicitar información complementaria nos boletíns de notas 	<p>-Entrevistas familiares iniciais</p> <p>-Entrevistas titoriais</p> <p>-Autoinformes</p> <p>-Reunións de gran grupo</p> <p>-Boletíns de notas</p>	<p>INICIO DE CURSO</p> <p>PRIMEIRO TRIMESTRE</p> <p>TRIMESTRAL</p>

REUNIÓN

Os titores/as atenderán de forma colectiva ás familias mediante as reunións que se programaran. As reunións poderán ser por aula ou nivel. Nestas reunións informarase tanto dos plans pedagóxicos para o curso como das normas de conduta e de relación que rexerán nel. Tratarase de informar de cales son os criterios de avaliación que rexen para o nivel e das actitudes que deberán ter os/as pais/nais para axudar positivamente dende a casa no proceso de aprendizaxe. É importante transmitir ás nais e pais a idea de corresponsabilidade no proceso de formación do alumnado. Todos os cursos convocarán polo menos unha reunión cos pais/nais ao ano, ao comezo do curso.

ENTREVISTAS

Os/as titores/as informarán amplamente aos pais/nais sobre a marcha pedagóxica dos seus fillos/as, co motivo das avaliacións trimestrais individualizadas e nos tempos estipulados para iso. Á hora de atención tutorial aos pais/nais de forma xeral e sempre que non exista entrevista concertada queda fixada para os luns de 17:00 a 18:00 e é revisada ao comezo de cada curso escolar.

Este horario será comunicado nas reunións que de forma colectiva se convocan ao comezo de curso. O horario é o mesmo para a atención ás familias dende o departamento de orientación, ampliándose este ao resto da xornada escolar.

COMUNICACIÓN

Os/as titores/as poden seguir, coa intención de comunicarse cos pais/nais durante o curso, a seguinte secuencia: requirimento oral a través do alumno/a, requirimento escrito, comunicación telefónica directa ou a través do director/a ou DO e convocatoria oficial de entrevista a través do director/a ou DO.

8.2.- ACCIÓN TITORIAL/ACTIVIDADES CO EQUIPO DOCENTE

OBXECTIVOS	TAREFAS E ACTIVIDADES	TÉCNICAS E ESTRATEXIAS	TEMPORALIZACIÓN
<p>1.Asegurar a coherencia de obxectivos, contidos e estándares de aprendizaxe</p> <p>2.Optimización do proceso de aprendizaxe</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Reunións de nivel • Reunións da CCP • Reunións do DO • Autoformación titorial 	<p>-Selección de criterios de cualificación</p> <p>-Elaboración de criterios de promoción</p> <p>-Formación permanente</p>	<p>AO LONGO DO CURSO</p>

ACTIVIDADES DE COORDINACIÓN ENTRE PROFESORADO.

As actividades de coordinación terán como escenario fundamentalmente as reunións do DO de carácter mensual. Sempre que os/as titores/as demanden algún tipo de actividade serán escoitados dende o DO. Se lles buscará información e se atenderán as demandas de valoración do alumnado sempre que sexan posibles e en orde de admisión no Departamento. O/a titor/a será o/a encargado/a de coordinar as actividades propias do seu grupo.

8.3.- ACCIÓN TITORIAL/ACTIVIDADES CO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.

OBXECTIVOS	TAREFAS E ACTIVIDADES	TÉCNICAS E ESTRATEXIAS	TEMPORALIZACIÓN
<p>1.Establecer procedementos de acción titorial</p>	<p>Deseño-proposta dos PAT anuais.</p>	<p>-Reunións iniciais coa CCP -Reunións DO</p>	<p>Inicio de curso</p>
<p>2.Favorecer a coordinación entre titores/as do mesmo nivel.</p>	<p>Reunións para coordinar, planificar e avaliar as actuacións</p>	<p>-Aportación de materiais de titoría -Reunións cos pais/nais</p>	<p>Todo o curso</p>
<p>3. Contribuír ao deseño de programas titoriais colectivos e/ou individuais</p>	<p>Asesoramento sobre tarefas de titoría Elaboración de instrumentos de avaliación</p>	<p>-Reunións de avaliacións</p>	<p>Ao longo do curso</p>

<p>4.Contribuír á optimización do proceso de ensino-aprendizaxe</p>	<p>Formular propostas nas reunións de CCP</p> <p>Revisar programacións</p> <p>Asesorar en procedementos, técnicas e instrumentos de avaliación.</p> <p>Seguimento do progreso do alumnado</p>	<p>-Reunións cos ciclos</p> <p>-Reunións co profesorado de apoio</p> <p>-Observacións en aula</p>	<p>A demanda</p>
<p>5.Proporcionar aos titores/as estratexias que faciliten a consecución dos obxectivos pedagóxicos</p>	<p>Asesoramento en técnicas de dinámica de grupos, relacións interpersonais, técnicas de observación e entrevista</p>	<p>-Orientación tutorial</p> <p>-Entrevistas familiares</p> <p>Taboleiro de anuncios.</p> <p>Redacción de Plans, memorias etc.</p>	<p>A demanda</p>
<p>6.Establecer pontes de diálogo entre familias e os profesores</p>	<p>Orientación Familiar</p>	<p>-Entrevistas</p> <p>-Comunicacións telefónicas.</p>	<p>A demanda</p>

<p>7.Promover a autoformación de carácter tutorial.</p>	<p>Adquisición, análise e difusión de bibliografía sobre temas titoriais</p>	<p>-Reunións co profesorado de apoio -Reunións co profesorado en xeral</p>	<p>A demanda</p>
<p>8.Canalizar as demandas dos/as titores/as</p>	<p>Coordinación con outros servizos</p>		<p>A demanda</p>
<p>9 Avaliar o funcionamento do Plan de intervención do PAT</p>	<p>Análise de necesidades Reorganización dos apoios Toma de decisións</p>		<p>A demanda</p>

8.4.- ACCIÓN TITORIAL/ACTIVIDADES DA/O ORIENTADOR/A

Obxectivos	<i>TAREFAS E ACTIVIDADES</i>	<i>TÉCNICAS E ESTRATEXIAS</i>	Temporalización
1.-Propiciar a mellora do clima escolar	<p>Colaboración nos deseños dos PAT anuais</p> <p>Realizar a avaliación e revisión do Plan de Acción tutorial</p> <p>Fomentar a participación, a discusión e o debate no departamento</p>	<p>Proposta de obxectivos anuais</p> <p>Deseño e elaboración de estratexias e instrumentos de revisión.</p>	<p>1º trimestre</p> <p>Todo o curso</p>

		Distribución por ciclos o liderazgo das reunións	Todo o curso
2. Promocionar a inclusión dentro da Acción titorial de medidas de prevención e resolución pacífica de conflitos.	Promocionar como transversal a educación pola paz.	Colaboración co departamento de actividades extraescolares naquelas actividades relacionadas co tema da paz.	Todo o curso
3.- Promover o afianzamento de hábitos que favorezan a aprendizaxe autónoma e o desenvolvemento das capacidades do alumnado	Colaborar co profesorado na valoración da aprendizaxe das áreas instrumentais que faciliten a adquisición doutros contidos	Deseño de programas de mellora dos hábitos de estudio	Todo o curso

<p>4.- Mellorar o coñecemento das características persoais dos alumnos e alumnas</p>	<p>Realización de avaliacións psicopedagóxicas e de competencia curricular</p> <p>Seguimentos</p> <p>Realizar programas específicos para o alumnado estranxeiro e para o alumnado con necesidades derivadas de dificultades tanto por infradotación como por sobredotación</p>	<p>Intercambio de datos</p> <p>Asistencia a sesións de avaliación</p> <p>Realización de Informes Psicopedagóxicos</p> <p>Adaptación de programas de Inmersión lingüística de mellora cognitiva e de enriquecemento curricular</p>	<p>1º trimestre</p> <p>Trimestral</p> <p>Todo o curso</p> <p>Todo o curso</p>
<p>5. Realizar a planificación da Orientación no Centro.</p>	<p>Realizar plans de actuación anuais</p>	<p>Plan de orientación anual</p> <p>Plan de atención á diversidade</p>	<p>1º trimestre</p>

<p>6.-Implicar ás familias na educación dos seus fillos/as.</p>	<p>Intervencións sistémicas e sistematizadas</p>	<p>Recabado global de información</p> <p>Apertura de expedientes</p> <p>Entrevistas</p> <p>Anamneses</p> <p>Entrevista de evolución</p> <p>Seguimentos</p>	<p>Todo o curso</p> <p>Todo o curso</p>
<p>7.-Favorecer o paso do alumnado a outra etapa educativa.</p>	<p>Potenciar a coordinación entre as etapas</p>	<p>Convocar reunións interciclos</p> <p>Encontros</p> <p>Actividades conxuntas co IES</p> <p>Xornadas de portas abertas para as escolas adscritas</p>	<p>3º trimestre</p> <p>3º trimestre</p>

<p>8.-Promover a mellora da calidade no sistema educativo.</p>	<p>Emprego cada vez maior das TIC no campo da orientación e o asesoramento</p>	<p>Utilización de correo electrónico como medio de comunicación coas escolas adscritas</p> <p>Uso da internet como base de datos na busca de material de orientación</p>	<p>Todo o curso</p>
--	--	--	---------------------

9.- TEMPORALIZACIÓN

O tempo para levar a cabo o PAT será dun curso académico. Cada comezo de curso farase unha nova presentación dos obxectivos non acadados e seleccionaranse outros dos formulados no proxecto.

A pesar desta globalidade temporal do curso académico, algúns aspectos do PAT priorizaranse por trimestres, tendo en conta os obxectivos, os contidos e as actividades propias de cada unha destas etapas.

Primeiro Trimestre: Fundamentalmente todos aqueles obxectivos, contidos e actividades relacionados coa acollida e integración do alumnado, coa organización e funcionamento do grupo clase; os primeiros contactos coas familias, a avaliación inicial e a coordinación co profesorado.

Segundo Trimestre: A final do 1º trimestre e durante o 2º cabe facer un seguimento do PAT para ver como evoluciona a adquisición e mellora dos hábitos de traballo, o desenvolvemento persoal e a adaptación escolar, a participación e a

implicación das familias, etc.

Terceiro Trimestre: Fundamentalmente todo aquilo relacionado coa avaliación ou valoración final no ámbito do alumnado, do profesorado e das familias: obxectivos acadados e non acadados, análise de posibles causas e estudo de solucións, propostas alternativas para o curso seguinte, etc.

10.- RECURSOS

O Centro conta con tres edificacións nas cales se reparten as distintas dependencias, un ximnasio e un patio cuberto. Dispón de tres patios para primaria e un para infantil.

EDIFICIO PRINCIPAL:

- **Planta baixa:**

- 6 aulas de Educación Infantil.
- 1 aula de Audición e Linguaxe
- Biblioteca
- 1 cociña e os seus anexos.
- 1 comedor.
- 6 aseos.

- **Primeira planta**

- 11 aulas de Educación Primaria
- 1 aula de Pedagogía Terapéutica
- 1 ludoteca
- 1 aula de Psicomotricidade
- 1 aula de audiovisuais.
- 2 aulas de atención educativa / valores
- 1 dependencia do EDLG.
- 1 dependencia de usos múltiples
- 1 dependencia para arquivo de libros de texto e para material didáctico
- 4 aseos.

EDIFICIO DA AUTÓNOMA.

- **Planta baixa**
 - 2 aulas de idioma estranxeiro (Inglés)
 - 1 aula de Música
 - 1 aula de Plástica
 - 2 aseos.
 - 1 sala de caldeiras.
- **Primeira planta**
 - 1 dependencia asignada á ANPA para funcións administrativas.
 - 4 aulas: dúas delas destinadas ao Servizo de conciliación “Tardes Divertidas” do Concello de Outes e as outras dúas para actividades extraescolares da ANPA.
 - 2 aseos.

EDIFICIO DE ADMINISTRACIÓN:

- Dirección.
- Xefatura de estudos.
- Secretaría.
- Departamento de orientación.
- Aula de informática.
- Sala do profesorado.
- Conserxería.
- 1 almacén.
- 2 aseos.
- 1 arquivo anexo á conserxería.

XIMNASIO:

- 2 vestiarios.
- 2 aseos alumnado.
- 1 aseo profesorado.
- 1 sala de caldeiras.
- Cancha.
- 2 salas de material.

11.-AVALIACIÓN E REVISIÓN DO PAT

Os obxectivos do Plan de Acción tutorial e as actividades propostas serán obxecto de revisión anual e integración dentro do Plan Xeral de Atención á Diversidade.

A avaliación realízase tendo en conta as novas necesidades xurdidas dos cambios na poboación escolar, os novos criterios e expectativas que xurdan do profesorado, e das necesidades dos alumnos e alumnas ligadas aos contextos familiares e sociais.

Queda aberto incorporando novas decisións claustrais sobre o labor tutorial. Os criterios de avaliación están relacionados cos obxectivos formulados. Serán indicadores de calidade ou criterios de avaliación: o grao de adecuación dos obxectivos propostos así coma a posta en práctica dos modelos ou protocolos a empregar, o grao de colaboración das familias co proceso de ensino-aprendizaxe, a mellora de niveis de traballo cooperativo entre os docentes e o incremento do grao de coordinación obxectiva e metodolóxica, o grao de percepción do profesorado en canto á mellora do rendemento escolar e os niveis de satisfacción dos diferentes estamentos da comunidade educativa en canto a clima de convivencia e participación.

12.- ANEXOS

12.1.- Programa de atención ás NEE

12.2.- Programa preventivo

12.3.- Programa de saúde escolar

12.4.-Programa de atención a alumnos/as con altas capacidades

12.5.- Programa de transición a Educación Infantil

12.6.- Programa de transición a Educación Primaria

12.7.- Programa de transición ao IES

12.8.- Programa de habilidades sociais.

PLAN DE ACCIÓN TITORIAL. CEIP PLURILINGÜE DE OUTES

12.1.- Programa de atención ás NEE

<u>PROGRAMA DE ATENCIÓN ÁS NEE</u>	
Obxectivo: Detectar, avaliar e intervir con alumnos/as que requiran unha atención educativa específica	
TAREFAS	AXENTES
- Reunións de coordinación para a organización e funcionamento das aulas de PT e AL	Titores/as, PT, AL e Orient.
- Avaliación Inicial de alumnos/as con n.e.e. e elaboración de informes	Titores/as, PT, AL, e Orient.
- Reunións de coordinación dos titores/as con alumno/as de n.e.e. con PT, AL, e Orientación para seguimento e intervención de necesidades educativas.	Titores/as, PT, AL, e Orient.
- Entrevistas individuais cos pais/nais de alumnos/as con n.e.e. cos titores/as e se procede co DO para informarse sobre o plan de traballo e cubrir autorizacións.	Titores/as, pais/nais, Orient.
- Reunións de coordinación de titores/as, con alumnos/as de n.e.e., con PT, AL e Orientador/a para seguimento de avaliación.	Titores/as, DO, PT, AL
- Asesoramento a pais/nais e profesorado de alumnos/as con n.e.e.	PT, AL, Pais/nais, Orient.
- Detección de dificultades de aprendizaxe/adaptación nos alumnos/as por parte do titor/a a través do programa preventivo, acollida, avaliación inicial, observación sistemática ... (n.e.e).	Titores/as
- Adopción de medidas de carácter interno (aula) para dar resposta ás dificultades detectadas.	Titores/as
- Establecemento de programas cos alumnos/as que o precisen.	Titores/as, DO, PT,AL
- Se procede, cumprimentar informe por parte do titor/a para posteriormente avaliar psicopedagoxicamente, tomar decisións e adoptar medidas.	Titor/a, PT,AL,DO

- Se procede, elaboración de ACIs.	DO, Titor/a
- Se procede, colaboración co EOE	Titores/as, AL, PT
- Determinar os alumnos/as de n.e.e. que van a permanecer 1 ano máis, extraordinario, en Ed. Infantil e Primaria e iniciar procesos cando proceda.	Orientador/a
- Avaliación final de curso de alumnos/as con n.e.e e elaboración de informes.	Titores/as, PT, AL

PLAN DE ACCIÓN TITORIAL. CEIP PLURILINGÜE DE OUTES

12.2. Programa preventivo

<u>PROGRAMA PREVENTIVO</u>	
Obxectivo: Previr e detectar precozmente dificultade de aprendizaxe/adaptación	
TAREFAS	AXENTES
Reunións interniveis de mestres/as para trasvase de información sobre alumnos/as nos aspectos relativos ao desenvolvemento académico, persoal e social.	Titores/as
Avaliación inicial de alumnos/as para determinar niveis de competencia curricular e detectar dificultades/necesidades.	Titores/as
Reunión cos pais/nais para comentar aspectos relativos á etapa evolutiva, escolar, colaboración dos pais/nais no proceso educativo e os aspectos máis significativos do funcionamento e organización do curso.	Titores/as, pais/nais
Entrevistas individuais cos pais/nais para recollida inicial de información	Titores/as, pais/nais
Atención a pais/nais: entrevistas, reunións, charlas, etc...	Titores/as, DO
Cumprimento de rexistro de observación sistemática sobre alumnos/as	Titores/as
Aplicación de probas para detectar posibles dificultades.	DO
Análise das probas para a elaboración de informes para aqueles alumnos/as que o necesiten	DO
Seguimento dos alumnos/as de 1º nivel nos que se detectaron dificultades e adopción de medidas	Titores/as, DO
Aplicación de cuestionarios sociométricos e intervención cando proceda	Titores/as e Orient.

PLAN DE ACCIÓN TITORIAL. CEIP PLURILINGÜE DE OUTES

12.3.- Programa de saúde escolar

<u>PROGRAMA DE SAÚDE ESCOLAR</u>	
Obxectivo: Favorecer e potenciar o desenvolvemento da educación para a saúde como área de traballo dentro do PAT	
TAREFAS	AXENTES
Estudo dos factores de risco de saúde do centro e hábitos escolares	Titores/as
Aplicación e posta en práctica por parte dos titores/as, do reparto de froita e do programa “FOGGA”	Titores/as
Charlas sobre hábitos de vida saudables.	Titores/as
Rutas de sendeirismo para desenvolver hábitos de non sedentarismo	Titores/as
Avaliación do programa “FOGGA”	Titores/as

PLAN DE ACCIÓN TITORIAL. CEIP PLURILINGÜE DE OUTES

12.4.- Programa de atención a alumnos/as con altas capacidades

<u>PROGRAMA DE ATENCIÓN A ALUMNOS/AS CON ALTAS CAPACIDADES</u>	
Obxectivo: Detectar, avaliar e intervir con alumnos/as de altas capacidades intelectuais	
TAREFAS	AXENTES
Avaliación inicial dos alumnos/as con altas capacidades intelectuais, elaboración de informes de priorización de actuacións.	Titores/as, PT,AL, DO
Elección de documento entre varios modelos, máis axeitado a cumprimentar polo titor/a para atender aos alumnos/as con altas capacidades intelectuais	Titores/as, PT, AL, DO
Entrevistas individuais cos pais/nais para recollida de información	Titores/as, pais/nais, DO
Entrega da documentación cumprimentada ao DO	Titores/as, DO
Valoración e canalización dos alumnos/as con altas capacidades intelectuais	DO, EOE
Entrevistas cos pais/nais dos alumnos/as implicados/as	Titores/as, pais/nais, PT, AL, DO

PLAN DE ACCIÓN TITORIAL. CEIP PLURILINGÜE DE OUTES

12.5.- Programa de transición á Educación Infantil

<u>PROGRAMA DE TRANSICIÓN Á EDUCACIÓN INFANTIL</u>	
Obxectivo: Facilitar o cambio nos alumnos/as que pasan das escolas infantís á etapa de Educación infantil e a aqueles alumnos/as que se escolarizan por primeira vez. Guiar aos pais/nais nesta etapa tan importante e propiciar un clima axeitado ás necesidades do alumnado	
TAREFAS	AXENTES
Reunión cos pais/nais para comentar aspectos relativos a etapa evolutiva do seu fillo/a	Titores/as, pais/nais
Entrevistas individuais cos pais/nais para recoller información inicial	Titores/as, pais/nais
Atención a pais/nais: entrevistas, reunións, charlas...	Titores/as, pais/nais
Cumprimentación dun cuestionario de información inicial do alumnado de 4º de educación infantil	Titores/as, pais/nais
Análise do cuestionario e rexistro de información relevante	Titores/as
Visita guiada ao Centro	Titores/as
Aplicación do período de adaptación no 4º nivel de educación infantil	Titores/as
Incorporación con horario e grupos reducidos do alumnado de 4º de educación infantil	Titores/as

PLAN DE ACCIÓN TITORIAL. CEIP PLURILINGÜE DE OUTES

12.6.- Programa de transición á Educación Primaria

<u>PROGRAMA DE TRANSICIÓN Á EDUCACIÓN PRIMARIA</u>	
Obxectivo: Favorecer unha axeitada adaptación á contorna escolar	
TAREFAS	AXENTES
Reunións entre o profesorado das distintas etapas para recabar información do alumnado	Titores/as
Visita guiada ás dependencias de Educación Primaria	Titores/as
Entrevistas cos pais/nais para a recollida de información	Titores/as, pais/nais
Cumprimentar, no caso de alumnado de nova escolarización, un cuestionario de información inicial	Pais/nais
Reunión cos pais/nais para informar sobre aspectos relativos á etapa evolutiva e escolar dos seus fillos/as	Titores/as, pais/nais
Entrevistas individuais coas familias	Titores/as, pais/nais
Atención a pais/nais: entrevistas, charlas...	Titores/as, pais/nais

PLAN DE ACCIÓN TITORIAL. CEIP PLURILINGÜE DE OUTES

12.7.- Programa de transición ao IES

<u>PROGRAMA DE TRANSICIÓN AO IES</u>	
Obxectivo: Propiciar a coordinación entre o centro de primaria e secundaria; garantir a maior continuidade educativa ao alumnado con n.e.e. e favorecer aos alumnos/as un maior coñecemento de si mesmo/a e das opcións educativas para unha mellor toma de decisións.	
TAREFAS	AXENTES
Aplicar escalas, cuestionarios e autoinformes...sobre aspectos relativos á: sociabilidade, autoestima, motivación, hábitos e técnicas de estudo, aptitudes, intereses, estilo de aprendizaxe... para un mellor coñecemento do alumno/a por parte do titor/ora e un mellor autocoñecemento do propio/a alumno/a	Titores/as DO
Facilitar información e documentación aos alumnos/as de 6º nivel sobre a ESO e ofertas educativas	Titores/as
Manter contacto co IES da zona para favorecer unha axeitada transición do alumnado	DO
Visita guiada ao centro que lles corresponda e demostración de experiencias	Titores/as
Cumprimentación de documentos polo profesorado, baixo a coordinación do titor/ora	Profesores, titores/as
Reunións intercentros de coordinación, e secuenciación de contidos.	DO

PLAN DE ACCIÓN TITORIAL. CEIP PLURILINGÜE DE OUTES

12.8.-Programa de Habilidades Sociais

<u>PROGRAMA DE HABILIDADES SOCIAIS</u>	
Obxectivo: Dotar aos alumnos/as de mecanismos de observación e análise de situacións-problemas e que desenvolvan habilidades de comunicación: escoita activa, expresións de sentimentos, asertividade e empatía.	
TAREFAS	AXENTES
Observar as interaccións entre o alumnado das aulas	Titores/as
Aplicar cuestionarios, escalas... sobre aspectos relativos ás emocións	Titores/as
Elaborar proxectos relativos aos intereses do alumnado para potenciar a resolución de conflitos e a empatía	Titores/as
Reunións entre o profesorado para poñer en comúns ideas relativas a actividades a realizar entre os alumnos/as do mesmo nivel	Titores/as
Facilitar información sobre a intelixencia emocional	Titores/as, PT, DO
Facilitar actividades e libros que fagan referencia a habilidades sociais	DO
Posta en práctica de actividades nas que se promovan habilidades sociais	Titores/as e DO

PLAN DE ACCIÓN TITORIAL. CEIP PLURILINGÜE DE OUTES

Desenvolver actividades relacionadas coa: escoita activa, empatía, resolución de conflitos	Titores/as
Avaliación final de ditas actividades e propostas de mellora	Titores/as, DO